

Recensións

PÉREZ PRIETO, VICTORINO: *A Romaxe de Crentes Galegos: De Irimia a Santa Margarida (1978-1997)*, Asociación Irimia, Santiago 1998. 390 páxs.

Baixo este título ofrécesenos unha antoloxía das vinte romaxes celebradas en Galicia, precedida dun cento de páxinas de análise e historia. Pretende deixar constancia escrita destas vinte romarías, que rebordará en novas expectativas e logros nas vindeiras.

A idea da Romaxe naceu no Primeiro Cruceiro, como froito da gran imaxinación de Xosé Chao Rego, animado por todos e tódalas presentes. Escolleuse para a primeira o nacemento do Miño, no pedregal de Irimia. A base da liturxia foi a vella lenda dunha meiga que, perseguida polos frades do convento de Meira, fuxiu levando pedras no mantelo para guindárllelas, pero, ó velos, botou a correr levada polo medo. As pedras caeron e formaron o pedregal... Fermosa lenda, recreada para expresa-la conexión entre a Igrexa e Galicia, o casorio místico entre fe e galegitude, constante teima das romaxes.

A Romaxe é unha romaría itinerante que busca lugares hierofánicos ("A montaña non sabía se o seu manancial sería río ou ría", como di Gloria Fuertes), distinguíndose doutras romarías por ser, a máis de comunitaria e galega, buscadora dunha vivencia lúdica e festiva, mesmo na liturxia popular, que suscita a emoción relixiosa e que nos fai máis felices e solidarios ou solidarias.

O autor fainos pasa-la ollada por estes vinte acontecementos da Igrexa galega, lembrando os seus lugares, os seus lemas, os seus medallóns conmemorativos, a súa liturxia, os seus incidentes, as súas críticas.

A celebración eucarística das romaxes foi un punto moi controvertido. Segue á busca do equilibrio. No fondo, quere volver á utopía na súa triple función: medicinal-curadora, profética-liberadora e cantora-festiva. Sen celebración non hai Igrexa viva, é elemento indisoluble vencellado a unha fe viva e madura. Tódalas romaxes asentan no compromiso de sentir a Deus como fonte de vida, como fonte de festa.

Somos, en palabras do autor, "homo-mulier ludens-celebrans" e celebramos con todo o noso ser, porque o corpo tamén fala, e vén sendo a sede social da nosa expresión, expresión que sacraliza a vida con ritos, símbolos e celebracións relixiosas, e creando así unha relación co Absoluto.

A dimensión simbólica é tamén esencial nas romaxes e aparece no libro abondo motivada. A experiencia persoal non sempre a podemos

expresar con palabras, e aí están os símbolos, que nos abren ás realidades máis transcendentais. Son para ser recibidos polo inconsciente colectivo, máis que para ser comprendidos intelectualmente.

Outro punto discutido e discutible vén sendo a extensión das celebracións. Para moitos e moitas son longas en exceso, máxime tendo en conta que as idades dos participantes van dos primeiros meses ós noventa anos... e os niveis culturais abren tamén outro grande abano. Pero non faltan defensores de que, por menos, non paga a pena... A tensión entre orixinalidade e reiteración apunta sempre nas críticas. Persoalmente, ousaría suxerir unha dinámica (mimo, carteis, pancartas, monicreques, audiovisuais...) que expresase as lecturas da Biblia elixidas. Pero non é este o lugar para a suxestión...

Ó final da lectura queda unha non só informada senón comprometida. Con ganas de aviva-las romaxes, de melloralas, de enriquecelas. Non as percibín como un sistema pechado e controlado, senón cheas da liberdade do Espírito. A miña lectura ten como complemento a vivencia directa, non dende a primeira, pero xa hai anos. Espero que aqueles e aquelas que non a coñecen saiban ler moito máis que a letra e que lle entren as ganas de unirse ós *irimegos* que tódolos setembros acudimos á cita.

Asun LOUZÁN TOMÉ